

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO

Órgano que propón a contratación:
Presidente do CIXUG

Expediente	CX-21-01
Cualificación do contrato	Subministración
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Non
Financiado con Fondos Europeos	Non

ANTECEDENTES

O presidente do Consello de Goberno do Consorcio CIXUG, propuxo a aprobación do expediente de contratación do servizo indicado con anterioridade.

CONSIDERACIONS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Polos servizos xurídicos e técnicos foron elaborados os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas.
3. O gasto condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios 2021, 2022 e 2023.
4. A competencia en materia de contratación corresponde ao Consello de Goberno do Consorcio CIXUG.
5. Consta a existencia do informe acerca da necesidade e idoneidade da contratación, así como sobre a insuficiencia de medios.

En virtude de todo o exposto, **RESOLVO:**

1. Aprobar o expediente de contratación de 113 CVUs (Campus Value Units) dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e IBM SPSS Amos, ambos, Campus Edition, ou equivalente, que lle permitan obter os dereitos de despregue, uso e soporte para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade Da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG, no período 2021 ao 2024, cuxo orzamento base de licitación ascende a 147.744,63 IVE incluído.
2. Aprobar os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.
3. Autorizar o gasto para a execución do contrato condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios 2021, 2022 e 2023.
4. Acordar a apertura do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela á data da firma electrónica,

D. Julio Abalde Alonso
Presidente